

PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES DA REDE MUSEÍSTICA

CURSO
2019-2020

CONCERTACIÓN DE GRUPOS

Museo Provincial de Lugo
concertacionsrmp@gmail.com

Museo Fortaleza
San Paio de Narla
sanpaioedenarla@museolugo.org

Museo Provincial do Mar
museodamar@museolugo.org

Museo Pazo de Tor
pazodetor@museolugo.org

@RedeMuseistica
@MuseoLugo
@PazodeTor
@MuseoMarLugo
@SanPaioeNarla

redemuseistica.lugo.org



AXENDA 2030

17 Obxectivos de
desenvolvemento
Sostible
#MuseosVivos



MUSEO PROVINCIAL DO MAR PROGRAMA DE ACTIVIDADES ESCOLARES CURSO 2019 / 2020

A Rede Museística Provincial, dependente da área de Cultura da Deputación de Lugo, a través dos departamentos de didáctica dos catro museos que a integran (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla, Museo Provincial do Mar e Museo Pazo de Tor) pon a disposición dos centros escolares a súa programación para o curso escolar 2019 / 2020 e, como sempre, co obxectivo de fomentar o achegamento do alumnado ao patrimonio conservado nos nosos museos.

A novidade está en que con esta nova proposta pretendemos que cada docente interesado neste programa decida, de acordo co plan de estudos e o proxecto educativo que estea desenvolvendo, a mellor maneira de utilizar os recursos que lle ofertamos.

O programa estruturase da seguinte maneira:

Áreas temáticas: Proponhemos aos docentes unha relación de 12 **áreas temáticas**, cuxos obxectivos e contidos describimos brevemente en cada caso, tendo en conta as coleccións e obras expostas neste museo da Rede Museística da Deputación de Lugo.

ODS 2030: Temos en conta para cada área temática os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable 2030 (ODS) que enumera a UNESCO.

Relación de obra: Material e suxestións

Unha vez concertada a visita ao museo e antes da súa realización facilitaráselle ao profesorado unha listaxe con fotografías das obras seleccionadas por cada área temática.

Mapas (in)visibles

Posteriormente ou durante a realización da visita ao museo facilitaráselle a cada alumno ou alumna un modelo (poderanse propoñer outras presentacións) de guía denominado

“Mapas (in)visibles” para que cada un, individualmente ou en grupo, elabore, aplicando criterios propios, un roteiro persoal polo museo.

Este material, orixinal ou copia, unha vez supervisado polo profesorado, poderá remitirse ao museo para realizar con el unha exposición de “Mapas (in)visibles” e outras actividades complementarias arredor do Día Internacional dos Museos (17 de maio) de 2020.

Concertación de visitas guiadas e actividades didácticas

Unha vez decidida a maneira de aproveitamento destes recursos, os docentes interesados poderán solicitar unha visita guiada ao museo, indicando a área temática da súa preferencia.

A concertación de grupos escolares realizarase exclusivamente a través do mail museodomar@museolugo.com

Horario de inicio das visitas: 11:00, 12:30, 16:00 e 17:50h.

ÁREAS TEMÁTICAS

01.-As escolas vellas

O Museo Provincial do Mar, está ubicado no edificio das Escolas Vellas de San Cibrao, en realidade dúas escolas unitarias cunha aula para as nenas e a súa mestra e outra para os nenos e o seu mestre. Mergullarnos nas diferencias dos sistemas educativos de onte e de hoxe de seguro que resultará do máis interesante.

02.-Somos de aquí e de acolá

As Escolas Vellas de San Cibrao inaugúranse en outubro de 1931 grazas ao altruismo de Manuela Goñi e Xosé María Fernández Montenegro, dous migrantes galegos que procuraron o beneficio da súa vila.

A migración, tema de candente actualidade e, porén, algo inherente á historia da humanidade. Desde sempre mulleres e homes, ao igual que moitas especies animais terrestres e acuáticas, tiveron que migrar na procura de mellores condicións de vida.

03.-Os facedores de barcos

Na *Geografía del Antigo Reino de Galicia* (1933) xa se recolle que nas ribeiras de San Cibrao xa se construían carabelas no s. XIV.

Co nacemento a finais do s. XIX do complexo industrial de Sargadelos, aumenta o fluxo comercial e increméntase a construción naval, sobre todo de barcos de cabotaxe, como bergantíns e goletas, aínda que das carpintarías de ribeira tamén saían trañóns e chalupas, utilizados tanto para a pesca da sardiña como para a caza da balea.

Cales son as partes máis importantes dun barco, cales as técnicas construtivas, cales as árbores das que se obtiña a madeira, cales as ferramentas usadas polos carpinteiros?

De seguro que navegando por esta parte da nosa historia xorden aínda moitas máis preguntas.

04.-A historia da navegación. A remo, a vela ou a motor

Os motivos que levaron á humanidade a iniciar a conquista das augas foron varios. A procura de alimentos (pesca), a búsqueda de novas terras (migración), o comercio con outras xentes (mercante) ou a loita contra outros pobos (guerra).

Para todos eses propósitos as embarcacións primeiro avanzaban gracias a táboas e paus que facían a función de remos, despois os exipcios incorporaron velas de papiro que logo foron variando de materiais, liño, la, pel, e de forma, cuadras, latinas, e nalgúns modelos de embarcacións misturáronse velas e remos, para poder seguir a navegar cando o vento non axudaba.

Finalmente no s. XIX aparecen os motores a vapor que logo evolucionarán a motores de explosión, comenzando así o declive da navegación a vela. Navegar entre remos, velas e motores será o noso propósito.

05.-A arte de marear

O dominio do mar foi un elemento imprescindible para o descubrimento de novas terras, novas xentes, novos recursos.

A partir do s. XIV, a navegación desenvolveuse significativamente no relativo a posicionamento, orientación e control da ruta, convertíndose nunha auténtica “Arte de marear”. Creáronse as cartas náuticas, que permitían ter idea da ruta a seguir.

Desenroláronse e melloráronse instrumentos de navegación como o compás, o octante e o sextante que permitían a orientación e ubicación da nave. Coñecer a utilidade e a vixencia destes instrumentos será o noso obxectivo nesta travesía.

06.-Arriba a bandeira

A comunicación entre as persoas foi, é e será un aspecto fundamental no correcto desenvolvemento das relacións humanas. Ao longo da historia creáronse numerosos códigos de comunicación e tamén se deseñou un para transmitir información codificada entre barcos. Aínda que as novas tecnoloxías están deixando en desuso algún destes códigos, outros están aparecendo coma os códigos QR. Partindo do Código internacional de Bandeiras, a nosa misión será buscar formas de comunicación.

07.-Quen vive no mar?

As nosas augas agochan unha rica e variada diversidade que conforma parte do noso patrimonio natural. Peixes, crustáceos, moluscos, mamíferos, corais, tartarugas, estrelas, medusas, algas... forman parte de esa biodiversidade que temos a obriga de protexer e conservar ante problemas como a contaminación ou a sobrexplotación dos eco-sistemas. Tentaremos pois crear conciencia da necesidade de buscar un xusto equilibrio entre as necesidades económicas, sociais e ambientais, buscando as artes de pesca máis sostibles e respetando as vedas e as especies de temporada.

08.-Os oficios do mar

Os oficios relacionados co mar forman parte da nosa historia e da nosa cultura, sendo os traballos das xentes do mar, tanto das que embarcan como das que quedan en terra, o sustento da poboación da nosa costa.

Estes oficios, algúns como o dos baleeiros xa desaparecidos, non eran sinxelos, pois o mar é un medio ás veces bravo e cruel, sendo ademais escasos e precarios os medios e comúns as xornadas de 18 horas, ou que os máis pequenos da casa traballasen a carón das súas nais e pais, véndose así impedidos de asistir á escola. Redeiras, carpinteiros, mariscadoras, percebeiras, cordoeiros, bateeiros, conserveiras e, desde logo, pescadoras e pescadores serán algún dos oficios que analizaremos.

09.-Que che dá o mar?

Os océanos son os pulmóns do planeta, xeneran a maioría do osíxeno que respiramos, son a nosa despensa, proporcionándonos moitos alimentos, e tamén a nosa farmacia xa que moitos medicamentos levan entre os seus compoñentes produtos obtidos do mar. Pero a pesar desas grandes vantaxes que nos regalan os océanos, os seres humanos somos os causantes da contaminación dos mesmos. Concienciarnos da necesidade de coidalos será desta volta o noso obxectivo.

10.-Alguén che dixo canto duraba o teu lixo?

O lixo no mar é un dos máis graves problemas para os nosos océanos e para a sustentabilidade e pervivencia do planeta. Algúns científicos sinalan que no 2050 haberá máis lixo no mar que peixes, xa que cada ano botamos toneladas e toneladas de residuos, sobre todo plásticos, que tardan máis de 400 anos en biodegradarse. Nos restos de lixo que tiramos ao mar, como restos de aparello, quedan atrapados ata morrer peixes, tartarugas ou mamíferos mariños, e os plásticos e microplásticos pasan aos seus sistemas dixestivos causándolle o mesmo efecto, podendo chegar incluso, no proceso da cadea alimentaria a especies que se comercializan para o consumo humano. Reducir o consumo

de plásticos e outros refugallos, reciclar axeitadamente, reutilizar... son algunhas das claves para axudar a manter os ecosistemas mariños.

11.--Por alí venta!

A costa Cantábrica foi desde moi antigo zona de paso da balea vasca ou balea franca, e as augas galegas foron e seguen a ser parte das rutas migratorias de varias especies de baleas. Coñecer algúns dos seus costumes e características axudaránnos a entender o por que da caza destes magníficos animais.

12.-O aceite de alumar e moito máis

A balea foi unha fonte de recursos importantísima na historia da humanidade. Derretendo a súa graxa obtíñase un aceite moi apreciado como combustible das lámpadas de aceite, e ademais as súas barbas eran o plástico da antigüidade usándose para facer as varillas de paraugas, corsés, faixas ... Investigar moitos máis recursos e produtos obtidos da balea será o noso obxectivo, e axudaranos a entender o por que da caza indiscriminada deste cetáceo que casi o leva á súa extinción.

Material e suxestións

Unha vez concertada á visita ao museo e antes da súa realización facilitaráselle ao profesorado unha listaxe das obras seleccionadas, clasificadas conforme aos ODS 2030, coas correspondentes fotografías para usar na aula e traballar esa área temática.

Posteriormente ou durante a realización da visita ao museo facilitaráselle a cada alumno ou alumna un modelo (poderán porpoñar outras presentacións) de guía de “Mapas (in)visibles” para que cada un, individualmente ou en grupo, elabore un roteiro polo museo aplicando criterios propios.

Este material, orixinal ou copia, unha vez supervisado polo profesorado, poderá remitirse ao museo para realizar con el unha exposición de “Mapas (in)visibles” e outras actividades complementarias arredor do Día Internacional dos Museos (17 de maio) de 2020.

Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable 2030 (UNESCO)

- 1.-Fin da pobreza
- 2.-Fame cero
- 3.-Saúde e benestar
- 4.-Educación de calidade
- 5.-Igualdade de xénero
- 6.-Auga limpa e saneamento
- 7.-Energía asequible e non contaminante
- 8.-Traballo decente e crecemento económico
- 9.-Industria, innovación e infraestrutura
- 10.-Reducción das desigualdades
- 11.-Cidades e comunidades sustentables
- 12.-Producción e consumo responsables
- 13.-Acción polo clima
- 14.-Vida submarina
- 15.-Vida de ecosistemas terrestres
- 16.-Paz, xustiza e institucións sólidas
- 17.-Alianzas para lograr os obxectivos

+ info: <https://es.unesco.org/sdgs>

Departamento de Didáctica do Museo Provincial do Mar

982 59 45 72 / museodomar@museolugo.org

Xerencia Rede Museística

699 836 883 / xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org



Cultura



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DO MAR